

## Metodoloxías activas e inclusivas

IDENTIFICACIÓN		
<b>Título da tarefa:</b> “Poñendo voz as nosas emocións”		<b>Profesorado:</b> Titora e mestra de apoio
<b>Breve descripción da tarefa:</b> <i>Por que e como xurde?</i> En relación ó día da paz comezamos a falar dos sentimentos positivos cara os demais, das “palabras máxicas” que podemos utilizar para mostralos (amor, quérote, amizade, alegría...). <i>Para que?</i> Trátase de que o alumnado sexa capaz de coñecer algunhas emocións que xa ten experimentado pero que aínda non identifica como tales, de lograr un ambiente positivo no grupo aula. Principalmente realízase para que o alumnado aprenda a escoitar ós demais e sexa quen de controlar a súas emocións. <i>Cal é a motivación para facela?</i> A mascota da aula tráenos un día un “emocionómetro” e comezamos a investigar.		
<b>Curso:</b> 6º	<b>Etapas:</b> Educación Infantil	<b>Área(s):</b> Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal e Linguaxes: comunicación e representación

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA	
<b>ACTIVIDADES</b>	
<b>Actividades</b>	<b>Estándar(es)</b>
Dinámica de cohesión previa: Tela de araña (terán que expresar un sentimento positivo cara os demais compañeiros e compañeiras.	
Dinámica de cohesión previa: Diana (falaremos de gustos que teñen en común e de cómo se senten ante determinadas situacións concretas que teñen lugar no día a día no centro como por exemplo o feito de non compartir material cos iguais ou cando xurde algún conflito na hora do patio).	
Coa utilización da estrutura pegamentos ó centro realizan a dinámica de cohesión da Diana.	
Coa estrutura de folio xiratorio crean o seu propio monstro de cores, utilizan para iso diferentes materiais de refugallo coma por exemplo recortes de revistas ou anacos de tela ou lá de distintas cores. Unha vez feitos terán que explicar ós demais que é o que fixeron e cómo se atopa o seu monstro neses intres. Ademais servirán para decorar a nosa aula posteriormente.	
Coas “palabras máxicas” (amor, alegría, cariño) que escolleu cada un durante as actividades levadas a cabo na conmemoración do día da Paz levamos a cabo unha tarefa coas familias: levan un folio a casa coa palabra escollida escrita no mesmo e teñen que expresar o que esa palabra di mediante fotografías ou imaxes de revistas/Internet.	

Jennifer Piñeiro González

**PRODUTO FINAL**

Consiste na elaboración dun vídeo feito cunha montaxe das fotografías e imaxes que confeccionaron coas súas familias e a incorporación das gravacións feitas co móbil. Este vídeo será subido a YouTube e á páxina web do cole e polo tanto será socialmente relevante nese aspecto.

**RECURSOS DIDÁCTICOS**

<b>Persoais</b>	Colaboran as familias na elaboración do produto final e facemos a actividade coa titora de 5 anos. Estamos presentes eu, como mestra de apoio e a titora de 5 anos.
<b>Materiais</b>	Utilizamos o emocionómetro para que expresen como se senten cada día. Ordenador: facemos pescudas en Internet, vemos algún vídeo relacionado e usamos o móbil para gravar as voces que se incluírán no produto final. Utilizamos o conto titulado “El monstruo de colores”.
<b>Metodolóxicos</b>	Como se pode apreciar as actividades realízanse principalmente en grupo e intentando facer uso das estruturas cooperativas.